

Cidades e paraugas

L'affiche rouge · Mario Regueira · Xerais, 2007
· 200 páx · 16 euros

Enamentres o Azul dorme. Lá fora está un día de cans, e é curioso o contraste: o suroeste que sacode as pólas do arce xaponés, as pingas a escorrer no vidro; a respiración pousada del, alleo á realidade. Son tardes para soñarse noutras vidas (tamén se cadra alleas á realidade?).

É así. Mágoa: pódese dicir como empeza, non como termina, cando é na fin onde recoñezo o poeta de *Tanxerina* (Espiral Maior, 2006) e dou fuxido de vez de *Rebelión no inverno* (Xerais, 2004). Porque a sedución nace da ligazón entre o que e o como.

Quizá sexa problema dos personaxes, das súas crónicas grises que se funden con esta tarde gris fronte ás doutros que coma lóstregos arreguizan e arrastran cara a outro parágrafo, outro lóstrego, en tensión sempre. Quizá sexa a deformación profesional que me atoa cando a alertan expresións forzadas, diálogos á machada, e que tanto custa acougar logo. Pero vai acougando e as voces lánzanme por veces contra a miña propia rebeldía, noutro lugar, noutro tempo. E óuve-se o Léo Ferré de fondo *co cartel que parecía unha mancha de sangue*, a soster o tránsito sobre a corda frouxa que nos conduce á madurez, a despregar o abano do que xorden as opcións todas: o que gabea, o que cae, o que avanza, o que queda, o que regresa. Están os que fican á espera dos que foxen, os que foxen dos que agardan, da aldea, da cidade, cara ao mundo... e ao final o mundo compóñeno aldeas



e cidades nas que tamén chove, que engolen paraugas e persoas dos que nunca máis se sabe, engastadas do triscar de vidros mastigados noutras páxinas.

Pena: disque non se poden contar os finais. El versos poderanse roubar? Porque de poder, roubáballos para este final: *É a fin das viaxes e / da revolta que traías nos dedos / e que finou inútil sobre a miña roupa*. De non poder, é só cuestión de paciencia.

Namentres vai cedendo a chuvia e o vento vólvese púrpura nas follas do arce. O Azul chisca os ollos e a min só me queda gorecerme no porto dos escravos a contemplar como as letras esculpen os instantes.

// María Seisdedos